

ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 402/2009

ACTA Nº.: 06/20007

ARQUIVO: 1.3

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO O DÍA ONCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE (11/12/2009).

ACTA NÚM.: 06/2009

No Salón de Sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do día dezanove de decembro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Manuel Arias López, reúnese en sesión extraordinaria e en primeira convocatoria a Comisión de Goberno a que asisten os Concelleiros : D. Jose Luis Rivera Saco, D. Dionisio Blanco Rubiños e D. Francisco Javier Dominguez López

Como Secretario, D. Luis Eduardo Matias Sánchez, que da fe.

Aberta a sesión procédese a coñece-los asuntos seguintes, incluídos na orde do día:

I.-ACTAS, APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN 05/2009, SI PROCEDE

O Sr. Alcalde-Presidente pregunta si algún membro da Xunta de Goberno ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior, sendo aprobada por unanimidade.

O Sr. Alcalde-Presidente proclama aprobado o borrador da acta da sesión anterior 05/2009.

II.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÓS CLUBES DE FUTBOL DE BÓVEDA

Visto o Regulamento para a concesión de subvencións aprobado polo Pleno da Corporación en sesión o vinteseite de agosto de 2005 (B.O.P. nº.: 200 do 01/09/2005 e corrección de erros no nº.: 213 do 16/09/2005) .

Visto que se considerou conveniente por esta Alcaldía efectuar a convocatoria e concesión de subvencións para axudar ó sostenemento económico dos clubs de futbol de Bóveda.

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido o vintetres de novembro de dous mil nove, no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións, así como da existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das devanditas subvencións.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 17.3 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 12 do Regulamento para a concesión de subvencións.

Por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO. Efectuar convocatoria para a concesión de subvencións en materia de actividades deportivas de futbol, co texto que figura no Anexo da presente Resolución.

SEGUNDO. Publicar a mencionada convocatoria na páxina web municipal e comunicar ós clubs de futbol de Bóveda o presente acordo.

ANEXO

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÓS CLUBES DE FUTBOL DE BÓVEDA

A Corporación municipal de Bóveda ten presente que o fomento dunha vida saudable entre os nosos veciños é unha necesidade e unha obriga de toda administración pública. Dentro desta acción de fomento incardinase o apoio a aquelas asociación ou clubs que levan anos desenvolvendo unha actividade deportiva e asemade contribúen a dar a coñecer ó noso concello.

Tras reflexionar detidamente sobre este asunto e previas consultas cos sectores implicados, entendemos que esta administración local podería axudar ó mantemento do funcionamento dos clubs mediante o financiamento dos custes das cotas mutuais dos xogadores fichados polos clubs.

ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 402/2009

ACTA N.º.: 06/20007

ARQUIVO: 1.3

Aprobado o Regulamento municipal para a concesión de subvencións polo pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e sete de agosto de dous mil cinco, que é de aplicación plena na presente convocatoria, e tendo en conta o disposto no artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se establecen a seguinte convocatoria de subvencións para o mantemento de clubs deportivos de fútbol.

1º.- Obxectivos/Finalidade da convocatoria

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2009, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento da actividade deportiva que desenvolven os clubs de fútbol federados. A tal fin considerase como elemento máis obxectivo o financiamento dos custes de afiliación á mutualidade de previsión social de futbolistas españoles a prima fixa

2º.- Solicitantes

Poderán ser beneficiarios das subvencións que se regulan nesta resolución os clubs deportivos de fútbol con domicilio social no concello de Bóveda que reúnan os seguintes requisitos que a seguir se citan:

- a) Estar inscritos na federación galega de fútbol.
- b) Ter a súa sede social en Bóveda

3º.- Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións destinadas ó fomento e desenvolvemento de actividades deportivas. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das axudas concedidas, illadamente ou en concordancia con outras, non supere o custe da actividade subvencionada

4º.- Contía da axuda

A contía total da axuda será a correspondente ó cento por cen dos custes mutuais dos xogadores fichados polos clubs.
Partida orzamentaria: 4.489.

5º.- Formalizacións de solicitudes

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do concello de Bóveda polos representantes legais dos clubs de fútbol, segundo os modelos que se achegan como anexo I. A súa presentación implica o compromiso de someterse ás normas reguladoras da subvención establecidas nesta resolución.

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) - fotocopia do DNI/NIF, da persoa ou entidade e, se é o caso documento acreditativo da representación quen posúe na entidade ou asociación solicitante.

b) Unha copia dos estatutos ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante e, se é o caso, da existencia da comunidade de bens, agrupación de persoas físicas ou xurídicas ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos ou actividades que motiven a concesión da subvención.

Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.

c) - Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condicións de beneficiario de subvencións do concello de Bóveda, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

d) - Declaración xurada do representante da entidade relativa á identidade dos membros do órgano directivo e número de socios

e) - Importe total e desglosado do custe da afiliación-cotización na Mutualidade de Previsión Social de Futbolistas Españoles a Prima Fixa. dos futbolistas do clube.

f) - Importe da subvención solicitada.

- g) - Certificado dos datos bancarios da entidade solicitante.
- h)- Importe das subvencións e axudas pedidas ou concedidas por outras entidades para o mesmo fin.
- i) - Declaración na que se acredite encontrarse ó corrente das súas obrigacións fiscais con este Concello.
- j)- Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse ao corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social.

6º.- Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será de quince días contados a partir do seguinte ó da publicación deste acordo na páxina web do concello : <http://www.concellodeboveda.com/>

Entenderase como último día do prazo o correspondente ó mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ó inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Asemade do anterior comunicárase por escrito ós clubs de fútbol de Bóveda a aprobación e prazos para presentar as solicitudes.

7º.- Instrución do procedemento e tramitación

1.- A tramitación das solicitudes, a resolución e demais trámites relacionados coa convocatoria, seguirán o establecido no Regulamento de concesión de subvencións do concello de Bóveda, publicado na páxina web municipal (servizos ó cidadán - Secretaria-Regulamentos).

2.- Comisión de valoración, formada por un mínimo de tres concelleiros: D. _____, D. _____ e D. _____, procederá a avaliar as solicitudes e documentación óbrante no expediente, formulando proposta motivada de resolución provisoria, que deberá notificarse ós interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

8º.- Órganos competentes

1.- A delegación de deportes será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das axudas establecidas nesta convocatoria, correspondendo á Xunta de Goberno ditar a resolución de concesión.

2.- Unha vez formulada a proposta definitiva de resolución, a Xunta de Goberno resolverá o procedemento

3.- A resolución motivárase de conformidade co disposto nesta Ordenanza e na convocatoria pola que se rexe, e deberán quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

4.- Farase constar expresamente na resolución o solicitante ou solicitantes ós que se lle concede subvención así como, de selo caso, a desestimación do resto das solicitudes.

5.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, computándose a partir do día seguinte ó da publicación na páxina web municipal da convocatoria, agás que nesta se pospoñan ós seus efectos a unha data posterior..

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

6.- A resolución pon fin a vía administrativa.

9º.- Xustificación da subvención

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais correspondentes, antes de 15 días dende a comunicación da aprobación destas bases, a seguinte documentación:

a) Boletín de Afiliación-Cotización acreditativa da condicións de mutualistas dos

ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 402/2009

ACTA N.º.: 06/20007

ARQUIVO: 1.3

xogadores do do club

b) Acreditación do aboamento das cotas mutuais mediante documentos orixinais. A estes efectos a documentación deberá estar debidamente conformada (datadas no exercicio económico para o que se concedeu a subvención, conter o número de identificación fiscal do receptor, selos e sinaturas dos subministradores). Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.

10º.- Pagamento

Realizarase o pagamento mediante ingreso na conta corrente da que sexa titular o club, unha vez comprobados os xustificantes do aboamento dos custes mutuais dos xogadores fichados polos clubs.

11º.- Obrigas do beneficiario.

- Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo Concello así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- Comunicar ao órgano concédente a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social. - Dispoñer dos libros contables, estados contables e rexistros específicos que sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o exercicio das facultades de comprobación e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Adoptar as medidas de difusión do feito de que a actividade se encontra subvencionada polo Concello de Bóveda que se determinen na convocatoria.

- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos de mal uso.

- Aceptar a subvención; no caso de que isto non fose posible, deberá renunciará mesma, expresa e motivadamente, no prazo de quince días hábiles contados a partir da recepción da notificación de concesión de subvención. O mesmo prazo rexe para a aceptación expresa da subvención.

Disposición final

As bases que rexen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos se deriven da súa aplicación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO

Nº de Rexistro de entrada:

Data:

I.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome do representante da entidade:

D.N.I. Nº.:

Entidade:

C.I.F.:

Enderezo

C.P.:

Teléfono 1

Teléfono 2

Fax.:

Correo electrónico:

DATOS DA CONTA BANCARIA

Nº. de conta (20 díxitos) :

2.- DATOS DA SOLICITUDE

Actuación para a que se solicita a axuda: subvencións para ó fomento da actividade deportiva que desenvolven os clubs de fútbol federados

3.- DECLARA QUE:

- a) A entidade que represente reúne todo os requisitos da convocatoria e non está nas circunstancias descritas no artigo 5, c) das bases da convocatoria.
- b) Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- c) Acepta as bases da convocatoria de subvención establecidas.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- a) - fotocopia do DNI/NIF, da persoa ou entidade e, se é o caso documento acreditativo da representación quen posúe na entidade ou asociación solicitante.
- b) - Unha copia dos estatutos ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante
- Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
- c) - Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condicións de beneficiario de subvencións do concello de Bóveda, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- d) - Declaración xurada do representante da entidade relativa á identidade dos membros do órgano directivo e número de socios
- e) - Importe total e desglosado do custe da afiliación-cotización na Mutualidade de Previsión Social de Futbolistas Españoles a Prima Fixa. dos futbolistas do clube.
- f) - Importe da subvención solicitada.
- g) - Certificado dos datos bancarios da entidade solicitante.
- h) - Importe das subvencións e axudas pedidas ou concedidas por outras entidades para o mesmo fin.
- i) - Declaración na que se acredite encontrarse ó corrente das súas obrigacións fiscais con este Concello.
- j) - Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse ao corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social.

Sinatura e selo do solicitante

Revisado e conforme

Lugar e data:

Bóveda a_____ de decembro de 2009

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente da por finalizada a sesión, cando son as doce horas e trinta minutos do día sinalado, do que eu, secretario, coa salvedade a que se refire o art. 206 do R.O.F., e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta desta sesión, certifico

ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 402/2009

ACTA N.º.: 06/20007

ARQUIVO: 1.3

DILIXENCIA.- Para facer constar que no día de hoxe -- ____, o borrador da acta da sesión n.º.: __/200_ da Xunta de Goberno celebrada o ____, foi exposta no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

E para que conste no expediente, expido a presente en Bóveda a ____

A FUNCIONARIA

ASDO.. CARMEN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ